

TEMA 4: “O teatro do 1º terzo do XX: Irmandades, vangardas e Grupo Nós”. (2º Bach.)

O teatro é o xénero que menos cultivado acadou na historia da literatura galega. Deixando aparte o *Entremés famoso sobre a pesca no río Miño* (1671), o teatro galego do século XIX, desde *A casamenteira*, de Fandiño, desenvólvese en dúas direccións principais: o drama de asunto histórico e o de asunto social e costumista.

Nos primeiros anos do s.XX, o teatro sitúase entre o costumista e histórico do XIX e o teatro nacionalista das Irmandades. Actividade importante dos coros populares (*Toxos e Flores*). Os autores máis representativos son:

Xesús San Luís Romero. Emigrado á Arxentina, empezou a publica-los primeiros versos e a representar pezas teatrais entre a colonia galega de Bos Aires. Volta a Santiago, publica composicións de tipo anticaciquil, no espírito da loita agraria. Compuxo numerosas pezas teatrais nas que se ataca ós caciques: *O fidalgo*, drama de axitación social con atinada caracterización dos personaxes e a ambientación, que tivo enorme éxito no seu tempo.

Xavier Prado "Lameiro" foi un escritor moi popular no seu tempo, e a súa literatura é allea a calquera pretensión culturalista. Publicou dúas coleccións de obras teatrais: *Monifates* e *Farsadas*. A maioría delas presentan ambientación rural, con sinxelo argumento e personaxes elementais. A comicidade é elemento fundamental no seu teatro.

O teatro das "Irmandades da Fala":

As Irmandades da Fala creáron en 1919 o *Conservatorio Nacional da Arte Galega*, -que contaba co precedente da *Escola Rexional de Declamación*, fundada polos rexionalistas en 1903-, coa intención de promover o teatro galego. Impúlsase o teatro como arma político-ideolóxica cara á recuperación da conciencia nacional, pensado esencialmente para a representación. Na temática recreáanse episodios históricos (Mariscal Pardo de Cela, Prisciliano,...), a reivindicación social e a recuperación cultural.

Ramón Cabanillas compuxo dúas pezas teatrais: unha de tema contemporáneo, en prosa, *A man de Santiña*, (1921) e outra histórica, en verso, *O Mariscal*. A primeira, é unha comedia burguesa de asunto amoroso que se desenvolve nun ambiente de clase alta. *O Mariscal* é un drama de intención política, escrito a rogo de Antón Vilar Ponte. Recupera a figura do mariscal Pardo de Cela, executado en 1483 por orde dos Reis Católicos. É o símbolo da resistencia galega fronte á política dos RR.CC. e convértese en referencia para o nacionalismo do XX. A reconstrución do noso pasado serve así á ideoloxía nacionalista.

O teatro de Cabanillas adoita caracterizarse como poético, modernista no estilo e con tendencia á mitificación de ambientes e personaxes.

Antón Vilar Ponte é o animador e teórico do teatro como forma de proselitismo extensivo e eficaz.

Leandro Carré Alvarellos, director da Escola Dramática Galega, ten obra teórica e o seu teatro é de carácter costumista.

Xaime Quintanilla Martínez, que publica a comedia dramática *Alén* que demostra que os personaxes do teatro galego non teñen que ser necesariamente labregos. A acción desenvólvese en Nova York e os personaxes chámanse Helen, Patrick,...

Teatro do Grupo Nós:

Esencialmente literario cunha grande influencia do teatro europeo simbolista e surrealista. Depuran os elementos costumistas e realistas. Os representantes máis destacados son: Otero Pedrayo (abundosa produción, concibe o teatro como espectáculo plástico total, *A lagarada*); Vicente Risco (cultiva o drama simbolista en *O bufón de El-Rei*); Castelao (escenógrafo, figurinista, estilización do mundo popular- *Os vellos non deben de namorarse*) e Rafael Dieste (teatro de carácter simbólico, coa versión intelectual dun motivo popular, *A fiestra valdeira*).

Os vellos non deben de namorarse (1941) é unha farsa estreada en Buenos Aires. Segundo Castelao, "é unha obra imaxinada por un pintor e non por un literato", consideración que gaña importancia se temos en conta o relevantes que son na obra os artificios escenográficos: a iluminación, a cor dos decorados e das roupas, as máscaras... A obra é unha "artimaña escenográfica onde xogan o amor e a morte de tres vellos imprudentes: o boticario don Saturio, que non aturou a falcatrada de Lela e mátase con solimán da súa propia botica; o fidalgo don Ramón, que por un bico de Micaela morre deitado no esterco; o vinculeiro señor Fuco, que por casar con Pimpinela morre de felicidade".

O motivo do vello namorado repítese tres veces en versións diferentes nos tres lances de que consta a obra. En cada lance hai un *vello* namorado dunha *moza*, e un *mozo* rival do vello. *A morte*, que aparece como un personaxe, advirte en cada un dos lances ó vello do risco que conleva o seu namoramento serodio. Outro elemento fundamental son un grupo de mulleres, que teñen unha función semellante á do *coro* da traxedia clásica.

A obra remata cun epílogo no que os tres vellos se encontran no cemiterio, despois de mortos. Láianse do seu imprudente namoramento e coñecen, gracias a un defunto chegado alí, noticias das súas mozas respectivas. Traxicomedia: mestura de traxedia e humor.